

Actividades para proxectos | Inclusión

Secundaria. 12 a 18 anos

Aquí contamos todos!

	Educación Secundaria 12 a 18 anos
	Nivel Baixo
	Temporalización 12 sesións
	Socios 4 a 6 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Os alumnos participan en **Muros Colaborativos** dos ámbitos que integran a cultura: As nosas linguas, As nosas festas, As nosas relixións, Os nosos costumes, A nosa gastronomía... Cada país socio engádelle a cada un dos muros, imaxes e textos curtos que expliquen as características diferenciais do seu país con respecto a ese ámbito cultural.

Ábrese un **Foro de opinión no TwinSpace por cada un dos ámbitos culturais** que se tratarán nos Muros, onde os alumnos se fan preguntas e respóndenlles aos seus compañeiros socios.

Cada Muro Colaborativo, unha vez rematado, imprímese e expónse no centro educativo compoñendo un mural artístico, tipo colaxe.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Coñecer e comprender a diversidade cultural e social, fomentando o diálogo e a paz
2. Afondar no significado dos Valores Democráticos como a tolerancia, o respecto, a integración, a pluralidade cultural
3. Fomentar a colaboración entre os diferentes países europeos na solución conxunta de problemas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os profesores rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves de acceso que posteriormente se lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Creación dos grupos nacionais e internacionais

Os docentes coordinadores de cada país socio, organizan os seus alumnos en grupos de 4 ou 5 alumnos e asígnanlles un dos temas do proxecto que se vai traballar.

Os métodos para formar os grupos poden ser moi diversos:

- Un método de repartición equitativo é o sorteo.
- Tamén se pode propoñer que os propios alumnos elixan segundo os seus intereses, e só no caso de necesidade, porque haxa algún tema sen alumnos dabondo para traballalo, se opte polo sorteo

Cada grupo de alumnos encárgase de investigar un aspecto e participar no Muro Colaborativo correspondente.

Elabórase unha táboa informativa cos grupos de cada país participante que van traballar en cada Muro.

Igualmente adxudícanse un ou dous profesores tutores que orientan no desenvolvemento dos pasos que se van seguir na actividade e coordinan o seu proceso.

Muros Colaborativos Países socios	Nuestras Lenguas TUTOR:	Nuestras Fiestas TUTOR:	Nuestras Ciudades TUTOR:	Nuestras comidas TUTOR:	Nuestras costumbres TUTOR:
ALEMANIA	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4
NORUEGA	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4
ESPAÑA	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4	Grupo: Alumno1 Alumno 2 Alumno3 Alumno4

Paso 3. Preparación das páxinas

Os profesores crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos:

- Páxina coa **planificación do proxecto** cos obxectivos, coa temporalización, coas actividades que se van realizar, cos países e cos centros escolares participantes.
- Páxina coa **táboa dos equipos nacionais e internacionais** xunto a un docente que exercerá de titor-coordinador dun Muro Colaborativo.
- Páxina para cada un dos Muros colaborativos.
- Subpáxinas para cada un dos grupos. Estas subpáxinas poden ser de uso restrinxido a cada grupo, para recompilar a información e imaxes que vaian seleccionando.



Paso 4. Preparación de carpetas de Materiais

Os docentes crean carpetas no módulo **Materiais** do TwinSpace

- Unha carpeta de **Documentos** do proxecto
- Carpetas de **Imaxes** para cada un dos socios participantes
- Carpeta de **Imaxes para os Muros** como produtos finais
- Carpeta de **Imaxes con fotografías** do desenvolvemento do proxecto en cada centro



Paso 5. Créanse os Foros de opinión no TwinSpace

Os docentes coordinadores crean os **Foros correspondentes aos temas** que se van tratar nos Muros colaborativos, onde os alumnos fan preguntas e respóndenlles aos seus compañeiros socios no proxecto sobre cuestións de interese de todos os ámbitos culturais tratados polos equipos.

Paso 6. Créanse e incrustanse os Muros colaborativos no TwinSpace

Cada docente coordinador responsable dun Muro Colaborativo, accede a un programa de **creación de Muros dixitais como Padlet ou similar**, rexístrase, crea o Muro e **incrustao** na páxina do TwinSpace correspondente, onde posteriormente cada equipo de alumnos vai traballar.

Convén que os profesores **acorden unha data concreta** para compartir os traballos nos seus Muros colaborativos correspondentes.



Fase 2: Posta en práctica:

Paso 1. Presentación do proxecto e TwinSpace

O profesor **presenta o proxecto e presentación dos socios**; accédese á páxina web institucional dos centros socios. Localízanse no mapa os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, **editan e completan os seus perfís** no TwinSpace e toman contacto co seu equipo.

Accións que vai realizar cada alumno:

- **Escribir a súa presentación:** localidade, país de nacemento, hobbies, familia, **pero ningún dato persoal como o teléfono ou o enderezo postal*
- **Subir unha foto** ao perfil, ou unha imaxe que o represente
- **Ir á páxina de presentación**, coñecer cal é o seu equipo e o tema que van traballar
- **Deixarlles mensaxes** aos membros do seu equipo de maneira positiva e que fomenten a interacción. Engadirán palabras ou mensaxes nas súas propias linguas. Pódense empregar tradutores en liña
- Unha vez que sabe a que equipo pertence, **ir á páxina do Muro Colaborativo** cuxo tema vai traballar



Paso 2. Investigación e recompilación de material por parte dos equipos

Cada equipo busca información sobre os diferentes aspectos dos seus respectivos países conforme ao tema adxudicado (linguas, festas, relixións, tradicións, gastronomía...) e irao gardando. Trátase de levar a cabo un pequeno traballo de investigación, con diferentes fases:

- **Cada alumno dos grupos nacionais**, conforme á distribución do traballo pactado entre eles, **buscará e recompilará a información** atopada por internet (imaxes, textos, vídeos) que amosen e expliquen o ámbito cultural correspondente.
- Cada grupo organizará a información do seu país (do país onde reside) e **decidirá as imaxes, textos e vídeos que vai compartir no muro**. Prestaralle moita atención a que se vexa con claridade o país do cal se está falando.

Paso 3. Participación no Muro Colaborativo correspondente

Cada equipo formado por grupos de cada país socio **achegará ao Muro Colaborativo correspondente o resultado das súas investigacións.**

Neste paso, os alumnos fan dúas actividades en cada unha das sesións previstas para esta fase:

- Na data que acordasen previamente os profesores coordinadores, os equipos **soben ao Muro Colaborativo as imaxes e textos** que queren compartir, produto do seu traballo en grupo.
- Na segunda sesión, cada un dos grupos de alumnos xunto cos seus profesores coordinadores **visitan os Muros colaborativos de todos os ámbitos, lenos e comentan** as imaxes e textos compartidos polo resto dos países.
- Prepáranse as **preguntas que se farán nos Foros.**
- Fanse **comentarios no Diario do proxecto** sobre como se foron desenvolvendo as fases do proxecto.



Paso 4. Participación nos Foros do TwinSpace

Os alumnos preguntan sobre cuestións que lles interesen ou lles chamen a atención da información achegada polo resto dos países, en cada un dos Foros abertos dos Ámbitos culturais tratados.

Os alumnos van contestando e lendo as respostas.

Paso 5. Imprímense e expóñense nunha colaxe

- Os profesores e alumnos gardan os **Muros Colaborativos Dixitais en PDF, imprímense** e expóñense no centro educativo. Para expoñelo poden recortar e pegar nun mural de maneira creativa. **Compoñerán unha colaxe** ou compartirán en cada un dos muros.

- Unha alternativa máis artística e tamén máis custosa é **pintar algún muro do centro con graffitis, imaxes ou símbolos** que representen as achegas dos Muros Colaborativos realizados por todos os países participantes. Esta opción require permisos do centro escolar e unha formación artística máis especializada por parte tanto de alumnos coma de profesores, e dependería das propias posibilidades dos centros educativos
- Fánselle **fotos ás exposicións** e escríbese un comentario no Diario do proxecto

Fase 3: Recollida de datos e promoción

- Desde o comezo do proxecto fanse públicas as páxinas de actividades coa **información xeral** e cos **Muros Colaborativos dixitais**.
- Vaise escribindo o **Diario de proxecto**, contando o desenvolvemento deste en cada centro educativo participante. Cada semana, un alumno de cada país fai un comentario, pode agregar unha foto na que se vexa os alumnos traballando no proxecto.
- **Publícase información sobre o proxecto na web do IES** e en **redes sociais** como a páxina de facebook do centro/ twitter.
- Inclúese **na web do centro unha ligazón directa ao TwinSpace** .
- **Publícanse fotos... do proxecto na televisión (tv) do centro** (que informa sobre as actividades realizadas polos diversos departamentos).



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- **Muros colaborativos dixitais**, con información conxunta dos países participantes, verbo das características culturais das súas sociedades.
- **Colaxe - Exposición dos Muros Colaborativos** no centro educativo.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas, subpáxinas, foro TwinSpace, Materiais (Carpetas)
- Programas para crear **Muros Colaborativos Dixitais** como Padlet ou similar
- Facebook, Twitter, Google+, para a difusión

TEMPORALIZACIÓN

- Sesión 1: Presentación **do proxecto e dos socios**
- Sesión 2: Repartición **das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto**
- Sesión 3: Completar **perfís**, toma de contacto cos membros do proxecto
- Sesións 4, 5, 6: Cada equipo nacional **busca información, investiga e recompila material**. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto sobre o desenvolvemento do proxecto
- Sesións 7, 8 : Participación no **Muro Colaborativo**
- Sesións 9, 10, 11: Participación nos Foros
- Sesións 11, 12: **Impresión, composición e exposición dos Muros Colaborativos no centro**. Fanse fotos e entrada no Diario do proxecto.



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



Erasmus+

SchoolEducationGateway

